

## NORMAS E HÁBITOS

Convén que as normas e hábitos impartidos na escola sexan semellantes aos da casa. Entre eles sinalar:

- Ir só ao baño
- Vestirse sen axuda. Para conseguilo a roupa dos nenos/as será tipo chándal, con pantalóns con cinturilla de goma, sen botóns, zapatos sen cordóns (con velcro
- Comer de todo e sen axuda. Lavar as mans antes das comidas
- Recoller os xoguetes que se empregaron ou os utensilios que se utilizaron en calquera traballo.
- Non falar alto, empregar un ton moderado de voz.
- É importante que relaten na casa feitos acontecidos na escola para exercitar a súa memoria.
- Establecer horarios de xogo, descanso, televisión...
- Durmir un número axeitado de horas ( polo menos 10 horas ).
- A mochila que traen que sexa sen rodas.Como xa vos avisamos teñen que traela nos meses de setembro e xuño para levar notas, roupa,...

Por outra banda na aula deberíanse respectar por todos unha serie de **NORMAS**:

- Se hai que sacar do colexio a un neno/a en período lectivo deberase **asinar un papel previamente en dirección** e logo pasará a persoa que este en dirección nese momento a recollelo á aula, nunca irán os pais/nais ás aulas.
- En caso de que os pais/nais non podan vir recoller o neno/a, cando eles o consideren oportuno ou sexan requeridos polo centro, deberán cubrir unha autorización con aquelas persoas que consideren oportunas, adxuntando a fotocopia do DNI de ditas persoas.
- Non** estamos autorizadas a cambiar os nenos/as así como a administrarlles medicamentos. (No caso de que algún neno/a necesite cambiarse chamarase a casa)

-Respectar os horarios de entradas e saídas, pregamos **puntualidade**. Tamén é importante xustificar as ausencias dos nenos vía telefónica, en persoa ou por escrito. As faltas dos nenos/as compútanse por sesións de clase(5 sesións por día ).

-Os pais ou acompañantes deberán esperar na porta de fóra a que os nenos/as rematen o período lectivo. Se un neno/a chega tarde por algunha razón non o poden levar os pais/nais á aula, teñen que pasar antes por dirección.

-Que non traian xoguetes da casa, na aula xa existe o suficiente material para os nenos/as así aprenden a compartir.

- É obrigatorio o uso de **mandilón** cunha **tira ancha e longa** para colgar. Os mandilóns levaranse os venres a lavar e hai que traelo o luns.

- Os nenos de tres anos deben traer algún distintivo na roupa (nome, pegatina...) pois moitas veces non son capaces de recoñecer a súa roupa ou mochila.

- No caso de que os nenos/as padezan algunha alerxia alimenticia ou doenza (asma, diabetes...) debe ser comunicado á mestra acompañando o correspondente informe médico.

- Na **merenda** que lles enviedes para o recreo (de outubro a maio) debe seguirse a táboa que se vos adxunta debido a alerxias alimenticias dalgúns nenos/as. Está **prohibido** traer doces, galletas, chocolate, froitos secos, golosinas...Se algún neno/a trae algo do que non está permitido será devolto para casa.

- No colexio non se celebran os cumpleaños dos nenos/as,ni se admiten golosinas para repartir ó final do día. Se algún pai/nai quere traer un agasallo deberán sustituílo por outra cousa ( goma, lapis..) adecuados á normativa vixente.

- Revisade as mochilas dos nenos/as cada día pois poden levar notas informativas importantes.